



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 15 de novembro de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ANULACIÓN PARCIAL DA RESERVA DE CRÉDITO DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019”. EXPTE. 179223/301.

Visto o informe de fiscalización do 6/11/19, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, a secretaria de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2018, adoptou o acordo de aprobar o Marco de Actuación para o Desenvolvemento do Programa de prestacións individuais municipais non periódicas de emerxencia social para o ano 2019 (Exp. nº 179223/301).

II. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

III. Aprobouse neste acordo autorizar o gasto por 842.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.0000 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2019 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.0000 “Melloras en fogares” para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

IV. Ademais, o Concello de Vigo complementa esas axudas de emerxencia a través do Programa Municipal de Axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministrados e alimentación incluíndo no seu orzamento a aplicación orzamentaria nº 2310.480.0002 “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. enerxética” por 1.640.000,00€ xa que os servizos sociais municipais, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

V. Por outra banda, en relación ao Programa de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor, estamos en trámites de proceder a súa resolución. O gasto imputado de comedor, segundo as Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 30/05/2019, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.0000 “Becas, libros e comedor” é de 1.090.000€ o que implicaría conceder o comedor a 2829 escolares. A intención de esta Concellería é reducir a lista de espera ata o máximo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 18:29	Páxina 1 de 2
SUBVENCIONS	CSV: ABA14E-EC5ABH-393AEC-817F9X-TZQ278-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

posible para o cal, este crédito inicial poderase incrementar ata a contía máxima de 120.000€ (segundo o establecido nas Bases).

VI. Así, tendo en conta o estado de execución do orzamento, o gasto realizado e previsto no Programa de prestacións individuais municipais de emerxencia social (aplicación nº 2310.480.0000) permite dispoñer de 100.000,00€ sen que afecte ao normal funcionamento da Concellería. Por tanto, faise necesario minorar a reserva de crédito nº 201900002230 nesta cantidade (100.000,00€), de forma que incremente o saldo da bolsa de vinculación xurídica á que pertence a aplicación orzamentaria 2310.481.0000 "*Becas, libros e comedor*" que nos permitiría conseguir o noso obxectivo.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería PROPOÑER á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Anulación parcial do RC nº 201900002230 da aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 "*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*" na cantidade de 100.000,00 € co fin de acometer gastos imprescindibles para o normal funcionamento do Departamento, entre os que se encontra o Programa de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor co fin de reducir a lista de espera de comedor.

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 18:29	Páxina 2 de 2
SUBVENCIONS	CSV: ABA14E-EC5ABH-393AEC-817F9X-TZQ278-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		